

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Fernando Pereira Caamaño, a Lois Tobío Fernández do 18/01/1965

Colección:

Data: 18/01/1965

De:

Fernando Pereira Caamaño;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

26 de Marzo, 3411, apto. 6 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

Destino:

General Moscardó, 10, 2ªA (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con sinatura autógrafa e sen membrete].

Mencionados:

Ramón Otero Pedrayo; Eduardo Pondal;

Notas do editor:

Fernando Pereira Caamaño é secretario da Comisión de Instrucción da Casa de Galicia de Montevideo.



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Fernando Pereira Caamaño, a Lois Tobío Fernández do 18/01/1965

Montevideo, 18 de Xaneiro de 1965.-

Estimado señor Tobío:

Xa está pra sair da imprenta a súa fermosa laboura sóbor Pondal, que fora premiada no ano 1959 no Certamen Literario orgaizado por Casa de Galicia. Por todo elo, é que me toma a liberdade de poñerlle catro letriñas en nome da Comisión de Instrucción de dita Instituzón (da que son Segretario), pra pedirlle un cativo favore. Este favore, consiste en que me envíe axiña unha biografía súa (algo así como un "curriculum vitae" da sua persoalidade literaria) pra poder faguer unha especie de limiar nos libros, xa a punto de xurdir.

Ten que perdoar ó meu atrevemento de escribirlle sin eistir antre nos relación algunha (millor dito, fomos presentados cando viñera Otero Pedrayo a Montevideo, naquela xornada de galeguismo sán en que interveñera tamén vostede), anque coido que alá no carozo da nosa i-alma sempre houbo relación.

Co desexo de que ó aninovo veña, pra vostede e os seus, cheo de ledicias, reciba un saúdo afectuoso de

Pereira [sinatura autógrafa]

Rógolle dirixir a súa resposta a:
FERNANDO PEREIRA CAAMAÑO
26 de Marzo 3411. apto. 6
Montevideo.

[na esquina superior dereita hai unha pequena nota escrita a man con bolígrafo azul]: C. 26
xaneiro

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.